



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo Fin de Máster

Materia	Traballo Fin de Máster			
Código	V01M033V01205			
Titulación	Máster Universitario en Edición			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1º	2C
Lingua de impartición				
Departamento				
Coordinador/a	Gomez Clemente, Xose Maria			
Profesorado	Gomez Clemente, Xose Maria			
Correo-e	xgomez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Traballo práctico no que se aplican os coñecementos adquiridos no máster xeral			

Competencias de titulación

Código	
A1	Saber aplicar os coñecementos adquiridos no ámbito da edición nos seus aspectos históricos, técnicos e financeiros.
A2	Reflexionar sobre os aspectos complexos que rodean o mundo da edición (económicos, sociais, ideolóxicos e técnicos).
A3	Capacidade para crear ou reconverter unha empresa editorial ou calquera empresa auxiliar do mundo da edición.
A4	Capacidade para deseñar e desenvolver coleccións.
A5	Capacidade para deseñar formatos, tipografías, tipos de cubertas, etc.
A6	Capacidade para optar, segundo sexa o produto, por unha saída en formato impreso ou dixitalizado.
A7	Capacidade para realizar estudos de mercado relacionados coa edición.
B1	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.
B2	Ser capaz de integrar coñecementos de campos de estudo diversos.
B3	Aprender a aprender, de forma autónoma, como base da súa futura actividade investigadora.
B4	Aplicar os seus coñecementos e habilidades na resolución de problemas en contornas novas ou non familiares en contextos interdisciplinares.
B5	Ter capacidade de concibir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico.
B6	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.).
B7	Ter capacidade para organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo, así como para resolver problemas de forma efectiva.
B8	Comunicar oralmente e por escrito con claridade os coñecementos teóricos e aplicados do campo de estudo tanto a audiencias expertas como non expertas.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Capacidade de elaborar un traballo académico sobre algún aspecto teórico ou práctico do programa de estudo.	saber	A1
	saber facer	A2
		A3
		A4
		A5
		A6
		A7
		B1
		B2
		B3
		B4
		B5
		B6
		B7
		B8

Contidos

Tema

Para a realización deste traballo pode optarse entre as seguintes modalidades:

- O estudo dalgún aspecto contido en calquera das materias do máster. O tema pode ser proposto directamente polo alumnado ou por cada un dos profesores encargados da docencia. No primeiro caso, a proposta deberá ser avaliada para comprobar se é factible; se é proposto polos docentes entregarase un listado con liñas de traballo. Recoméndase a consulta da páxina web do mestrado www.masteredicion.uvigo.es concretamente a sección "Planificación da docencia" (actualización), onde están as guías docentes de cada unha das materias.
- A realización dun traballo concreto de edición (libro, libro dixital, cómic). Neste caso, deberase presentar a obra editada xunto cunha memoria (de non máis de 20 páxinas) na que se detallen as diversas fases do proceso que conduciron a ese resultado:
 - Xustificación da elección do autor/a.
 - Formato, caixa, parágrafo, tipografía, papel, deseño de cuberta, etc.
 - Xestión dos dereitos de autoría.
 - Plano de promoción da obra.
 - Deseño dunha nova liña ou colección editorial, con proposta de formato, títulos, etc.
 - O establecemento do organigrama completo do que debería ser unha editorial modelo, detallando as función, relación de postos de traballo e indicadores de rendemento de cada unha das seccións que a integren.
 - Memoria de prácticas. Relación das actividades feitas durante o período de prácticas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Proxectos	10	0	10
Traballos e proxectos	0	140	140

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Proxectos

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Proxectos	O profesorado fará un seguimento da elaboración do TFM
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	O profesorado fará un seguimento da elaboración do TFM

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Traballos e proxectos		100

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado de Vigo terá dúas oportunidades para defender o traballo; unha en xuño; a segunda en xullo. O alumnado de Santiago terá unha única oportunidade en xullo ou en setembro.

Normas xerais sobre o TFM

O traballo deberá ser redactado nalgunha das linguas oficiais de Galicia, galego ou castelán.

A extensión non deberá superar as 60 páxinas, agás no caso da edición dunha obra. Véxase apartado b) do punto anterior. A extensión mínima será de 30 páxinas. Redactarase en letra Times New Roman 12 (ou equivalentes) a un espazo e medio.

Non se debe esquecer o seguinte:

1. Todo traballo deberá incluír

- a) Título, índice, nome de autor e nome do director do traballo.
- b) Unha introdución onde se comenten os motivos que xustificaron a elección do traballo e os obxectivos que se pretenden acadar.
- c) A cerna do traballo, dividida en cantos apartados se consideren convenientes.
- d) Un apartado de conclusións.
- e) Un apartado de bibliografía.

Bibliografía. Fontes de información

Será recomendada polo titor/a de cada traballo

Recomendacións